

## Participación pública

Respostas á enquisa feita nas escolas da Estrada e correlación cos nosos diagnósticos.

Co obxectivo de coñecer as ideas que os máis pequenos teñen para a Estrada do futuro, acudiuse directamente aos colexios para que eles mesmos nolas contasen. Fíxoselles unha serie de preguntas relacionadas con cada un dos obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana 2030 para que desen a súa propia opinión e nos orientasen á hora de establecer as mellores estratexias enfocadas aos gustos e necesidades daqueles que nese ano serán os adultos que habiten na Estrada.

A participación de todos os rapaces e rapazas foi excelente, aportaron unha serie de respostas e debuxos dignos de teren conta á hora de planificar a nosa estratexia para a vila.


A continuación engádense algúns exemplos significativos de inquedanzas e propostas dos nenos.







Mohamed - 5º primaria  
CEIP Cabada Vázquez



Lara - 5º primaria  
CEIP Cabada Vázquez




Aroa Nercellas - 5º primaria  
CEIP Foxo

En relación á calidade dos espazos públicos, preguntóuselles ós nenos cales eran os seus preferidos. A maioría deles falaron de espazos públicos abertos, polo que se terá en conta propoñendo actuacións que incrementen a calidade destes espazos tanto no núcleo urbano como nas aldeas, mellorando a accesibilidade, plantando árbores, substituíndo pavimentos, instalando mobiliario urbano, etc.

## Os espazos públicos



Danna Rivas - 6º primaria  
CEIP Cabada Vázquez




Inés Basanta - 6º primaria  
CEIP Pérez Viondi



## As dotacións


Os nenos tamén mostraron interese polas edificacións dotacionais como poden ser a biblioteca, os cines, teatro, etc., e tamén se puido ver que lles gusta o comercio local.

En relación a estas opinións propuxéronse algunhas medidas, como a protección do pequeno comercio, a mellora na conservación de edificios dotacionais así como garantir que os mesmos están abertos ó público nun horario coherente coa demanda e que se ofrece unha programación acorde a todas as idades.




Rodrigo Regueira - 6º primaria  
CEIP Figueroa

Inés Paz - 6º primaria  
CEIP Do Foxo



India Vicente - 5º primaria  
CEIP Figueroa



Lucía Alcázar - 6º primaria  
CEIP Pérez Viondi



Uxía Aller - 6º primaria  
CEIP Figueroa



Adrián Campos - 6º primaria  
CEIP Figueroa

## O modelo urbano e rural

Os nenos que viven na Estrada demostraron ter unha forte conexión tanto co medio rural como co urbano e así o reflectiron os seus debuxos, por iso, os retos propostos en relación á ordenación do territorio cobran especial importancia, algún deles son:

- Fixar e atraer poboación nos asentamentos tradicionais, conservar o seu patrimonio edificado e os usos tradicionais do chan.
- Poñer en valor o patrimonio natural e cultural.
- Deter a substitución do mosaico de cultivos e pastos por plantacións forestais.
- Aumentar a cantidade e calidade de zonas verdes e incrementar o número de árbores en rúas e prazas do núcleo urbano e as aldeas.



Martín C. - 6º primaria  
CEIP Figueroa



Andrea Faraldo - 6º primaria  
CEIP Pérez Viondi



## A mobilidade

---

Os sistemas de transporte inflúen de forma decisiva nas pautas de desenvolvemento urbano e na calidade de vida dos cidadáns. É por iso, que para poder estruturar ben os plans de mobilidade, ordenación e accesibilidade é necesario coñecer tamén a opinión dos nenos e saber como lles gustaría eles desprazarse pola Estrada, e as súas respostas foron: en bicicleta, camiñando, en autobús ou transporte público, patinete e mesmo patinete eléctrico de alugueiro, entre outros, polo que se terán en conta dentro do reto proposto de incrementar o uso de medios de transporte sostibles.






Mauro Miguez - 6º primaria  
CEIP Figueroa



Marcos Souto - 5º primaria  
CEIP Manuel Vilar

## Cultura, saúde e deporte

O desenvolvemento económico das zonas rurais é un factor importante fronte ao mantemento da poboación no territorio e a través do mesmo, para lograr un maior equilibrio territorial. É importante xerar espazos atractivos para a actividade económica e o comercio local e reservar espazos para a comercialización de produtos locais. Para coñecer como levar a cabo esta estratexia, preguntóuselles aos nenos de que lles gustaría traballar na Estrada. As súas respostas foron: deportistas, perruqueiros, profesores, veterinarios, traballar nun hospital, ser policía ou garda civil, etc.



Inés Basanta - 6º primaria  
CEIP Pérez Viondi